

NORMAS DE VOTO

Os socios e socias da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG poderán votar de dúas formas:

1. VOTO PERSOAL:

O voto exercitarase asistindo persoalmente á sede electoral, ubicada na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela), o día 12 de setembro de 2020 en horario de 11:30 a 13:30 horas. Debido ao estado de alarma sanitaria poderase cambiar a sede electoral a un lugar dentro da mesma localidade que a sede do COPG, para cumprir coas recomendacións vixentes no seu momento. O votante deberá portar documentación identificativa en vigor.

2. VOTO POR CORREO:

O voto emitirase por **correo postal certificado**, garantindo a súa autenticidade, a súa efectividade e o seu carácter segredo, segundo o establecido nos apartados seguintes:

- a) Deberase presentar no COPG, por escrito e ata o día 31 de agosto de 2020, solicitude de voto por correo.
- b) O/A interesado/a recibirá no enderezo postal que conste no COPG, se non se facilita outro na solicitude de voto por correo, a documentación necesaria para votar por correo:
 1. Folla explicativa do procedemento de votación.
 2. Papeletas de todas as candidaturas e sobre de votación.
 3. Certificado de inscrición no censo electoral.
 4. Sobre grande co enderezo da Mesa Electoral.